


3. A historiografía

3.1. O porqué do seu éxito entre os romanos

Este xénero, o do relato histórico, nacido en Grecia da man de Heródoto e perfeccionado alí mesmo por Tucídides, foi moi querido en Roma desde o primeiro momento: os romanos tiñan un gran respecto polas figuras do seu pasado, e desde moi cedo anotaban os feitos máis salientables nuns rexistros oficiais chamados *annales*. A nómina de historiadores romanos é ampla, mais adoita citarse como principais figuras, por orde cronolóxica, a César, Salustio, Tito Livio e Tácito.

3.2. Tito Livio (59 a. C.-17 d. C.)



Tito Livio era natural de Patavium (actual Padua), aínda que desenvolveu gran parte da súa vida en Roma. Despois das convulsións da política romana que remataron no ano 31 a. C. coa definitiva vitoria de Octavio sobre Marco Antonio, remataba tamén case un século de guerras civís (para máis detalles, remitimos ó capítulo dedicado a Virxilio).

Livio, sen problemas de tipo económico, dedicouse en Roma, a onde chegara máis ou menos ós seus 24 anos, ó que quixo que fose o labor da súa vida: a elaboración dunha *Historia de Roma* completa, desde as orixes ata os seus días (o seu relato remata no ano 9. d. C.). A fama chegoulle despois das lecturas públicas e da edición dos primeiros volumes da obra. Nela Livio contempla a paz dos seus días como un feito providencial levado a cabo por Octavio Augusto, a quen o autor considera case como un novo Rómulo, a persoa que refunda a cidade chamada a dominar o mundo. Dentro deste plan, Livio procura centrarse nos acontecementos máis antigos, moitos deles envoltos en lendas, e tamén nos sucesos que lle deron a Roma os seus maiores éxitos políticos e militares, como as guerras contra Cartago. Estaba claro que a historia romana do último século anterior a el non era nada edificante: continuas disputas civís que paralizaban ese suposto proxecto de gloria para Roma concibido por algunha entidade superior.

O resultado deste esforzo, como se pode adiviñar, foi monumental: 142 volumes dos que non conservamos máis que a serie do I ó X e a que vai do XXI ó XLV. O resto coñecémolo por abreviacións e refundicións elaboradas xa no propio Mundo Antigo. A obra, da que non coñecemos o título e que se cita ás máis das veces como *Ab urbe condita*, era demasiado extensa para o formato de libro que se manexaba nesta época, o volume de papiro, o cal ademais ofrecía unhas posibilidades de conservación bastante cativas. Estas son as principais razóns polas que non a posuímos enteira; mais, polo que queda, podemos facernos unha idea do xeito de traballar de Livio: cita como fontes algúns historiadores romanos anteriores a el e outórgalles crédito a uns ou a outros segundo os seus propios criterios, e aproveita os episodios máis susceptibles de provocar emocións (situacións dramáticas, batallas, decisións de goberno críticas, etc.) para desenvolver un estilo narrativo rápido e directo; particularmente entretidos son os episodios da II Guerra Púnica, coas dificultades que os romanos pasaron para vencer a Aníbal.

A lectura que propoñemos sobre este autor corresponde a uns acontecementos que tiveron lugar a finais do s. VI a. C., cando os romanos substituíron o réxime monárquico, co que se gobernaban, por outro que damos en chamar “República”.

Lectura: Extractos do relato da traxedia de Lucrecia (*Ab urbe condita*, I, 56, 4-60)

56, 4 Mentres xestionaba estes asuntos², un terrible fenómeno foi visto: unha serpe que baixaba por unha columna de madeira provocou o terror e as carreiras de todos. Este feito, non só feriu o corazón do rei con súpeto pánico, senón que o encheu de ansiosa preocupación. Así pois, [...] decidiu enviar alguén a Delfos, o máis famoso oráculo do mundo. E, sen atreverse a confiar a resposta dos fados a calquera outro, enviou dous dos seus fillos a Grecia por terras descoñecidas naquela época, e por mares máis descoñecidos aínda. Aló foron Tito e Arruncio; acompañounos Lucio Xunio Bruto, fillo de Tarquinia, irmá do rei, un rapaz de carácter moi diferente do que aparentaba: como oíra que os principais persoeiros da comunidade, entre os cales estaba o seu irmán, foran asasinados polo seu tío, decidiu apartar do seu ánimo calquera acción pola que o rei o debese temer, ou calquera ambición de fortuna, e refuxiouse no desprezo, pois na xustiza había pouca seguridade. Xa que logo, empregando a súa habilidade en parecer parvo e poñéndose a si mesmo e ós seus bens a disposición do rei, tampouco non rexeitou o alcume de “Bruto”³. [...]

57 Ocupaban Ardea os rútilos⁴, pobo moi abondoso en riquezas para a comarca e a época de que falamos; e precisamente esa foi a causa da guerra, xa que o propio rei romano tiña interese, non só en enriquecerse, arruinado como estaba pola magnitude das súas obras públicas, senón tamén en satisfacer cun botín os ánimos dos seus súbditos, hostís ó seu goberno; e isto á parte doutros abusos, pois estaban indignados polo feito de que o rei os obrigase a empregarse durante moito tempo en traballos máis propios de obreiros e escravos.

Levou a cabo un intento de tomar Ardea no primeiro asalto; en vista do pouco éxito, deron en presionar os inimigos mediante asedio e fortificacións. Neste campamento, como adoita suceder nunha guerra máis longa que dura, concedíanse permisos con bastante xenerosidade, máis para os xefes que para os soldados; é ben certo que os fillos do rei gastaban o seu tempo de ocio en banquetes e festas. Casualmente, mentres se atopaban bebendo na tenda de Sexto Tarquinio, onde tamén compartía cea con eles Tarquinio Colatino, fillo de Exerio, deron en falar das súas mulleres. Cadaquén louvaba a súa con vehemencia; logo, no medio dunha viva discusión, Colatino dixo que abondaba de palabras, e que en poucas horas se podería saber sen dúbida ningunha canto mellor era a súa Lucrecia que as demais: “Por que, rapaces, se temos forzas, non subimos ós cabalos e imos ver en persoa as cualidades das nosas esposas? Que cadaquén dea por auténtico cómo ela se amose diante da inesperada chegada do marido”. Quéntanse co viño. “Vamos logo”, din todos. Esporeando ós cabalos, voan a Roma.

Ó chegar xa coas primeiras tebras enriba, diríxense a Colatia⁵, onde atopan a Lucrecia, en actitude moi diferente ás noras do rei, ás cales viran gastando o tempo en banquetes e diversións coas súas amigas; pola contra ela, xa entrada a noite, estaba sentada no medio da súa habitación, dedicada a traballar a la, entre as súas escravas, que tamén estaban espertas. O premio da discusión sobre as mulleres foi para Lucrecia. Ela recibiu ó seu marido, e os Tarquínios foron ben acollidos; o marido vencedor invita con ledicia ós príncipes. Alí un perverso desexo de posuír a Lucrecia

² O protagonista do inicio da narración é Tarquinio o Soberbio, derradeiro rei de Roma (entre 534 e 510 a. C.), que nestes momentos estaba inmerso nun proceso de ampliación dos dominios romanos mediante o asentamento de colonos nas comarcas veciñas á cidade: eses son os asuntos ós que se refire Livio.

³ *Brutus* significa “parvo” en latín.

⁴ Pobo itálico situado uns 36 km ó sudeste de Roma, e que tiña a súa capital na vila de Ardea.

⁵ Vila próxima a Roma.

pola forza asalta a Sexto Tarquinio. Incítalo, non só a súa beleza, senón a pureza que nela vía. E, por fin, voltan da súa xuvenil xoldra nocturna ó campamento.

58 Pasados uns poucos días, Sexto Tarquinio, sen sabelo Colatino, foi a Colatia cun compañeiro. Unha vez ben acollido polos da casa, descoñecedores dos seus plans, foi conducido despois de cear ó dormitorio de invitados; encendido de desexo, cando todo, aparentemente, estaba tranquilo e todos descansaban, achegouse coa espada desenvaiñada a Lucrecia, que durmía, e, oprimíndolle o peito coa man esquerda, díxolle: “Silencio, Lucrecia. Son Sexto Tarquinio: teño unha espada na man; se dis



unha palabra, morres”. A muller, esperta e chea de temor, non vía ningunha posibilidade, e vía a morte case inminente; entón Tarquinio confésalle o seu amor, prégalle, mestura ameazas con rogos, ataca por todas partes o espírito da muller. Cando a viu teimuda e que nin sequera se rendía diante do medo á morte, engade a deshonra ó medo: dille que, unha vez, morta, vai colocar ó seu carón un escravo degolado, para que se diga que a mataron no curso dun infame adulterio. Esa, por así dicilo, paixón triunfante venceu a súa teimuda honestidade mediante este temor e, unha vez conquistada a honra da muller, o feroz Tarquinio marchou de alí. A seguir, Lucrecia, triste por tan grande mal, envía un mensaxeiro tanto ó seu pai a Roma como ó seu home a Ardea, para que veñan con cadanseu amigo fiel. Mandou dicirlles que así cumpría, e axiña, e que sucedera algo atroz.

Acudiu Espurio Lucrecio con Publio Valerio, fillo de Volesio, e Colatino con Lucio Xunio Bruto, con quen casualmente se reunira cando voltaba a Roma coa mensaxe da súa esposa. Atopan a Lucrecia triste, sentada no seu dormitorio. Á chegada dos seus abriuse en bágoas, e ó seu marido, que lle preguntaba “Estás ben?”, contestoulle: “Para nada. Como vai estar ben unha muller que perdeu a súa honestidade? Na túa cama, Colatino, hai pegadas doutro home; mais só é o corpo o violado: o espírito é inocente. A morte ha ser testemuña. Pero antes xuntade as vosas mans e dádeme seguridades de que o adúltero non ha quedar impune. Foi Sexto Tarquinio quen esta noite pasada, portándose como inimigo en lugar dun invitado, armado, levou de aquí pola forza un goce funesto para min e para el mesmo, se é que sodes homes”. Todos, un tras doutro, déronlle seguridades. Consólana, enferma no espírito; libérana de culpa, pois fora obrigada polo autor do delito: dinlle que é a mente a que comete a falta, e non o corpo, e que non hai culpa onde falta a intención. Ela di: “Vós veredes o que se lle debe a el: eu, aínda que me absolvo da falta, non me libero do castigo. De aquí en diante, ningunha muller deshonesto poderá dicir que vive segundo o exemplo de Lucrecia”. Crávase no corazón un coitelo que tiña agochado baixo a roupa e, desplomándose sobre a ferida, cae moribunda. O seu pai e o seu marido dan en berrar.

59 Bruto, mentres os invade a dor, sostendo o coitelo enchoupado en sangue que extraíu da ferida de Lucrecia, dixo: “Póño vos por testemuña, deuses, e xuro por este sangue, purísimo antes da aldraxe real, que desde hoxe vou perseguir a Lucio Tarquinio o Soberbio, xunto coa súa criminal esposa e toda a estirpe dos seus fillos, coa espada, co lume ou con tanta violencia poida, e que non vou permitir a eles nin a ningún outro reinar en Roma”. Logo entrega o coitelo a Colatino, e despois a Lucrecio e Valerio, abraíados por semellante milagre, polo que se amosaba un novo carácter no corazón de Bruto. Xuran como se lles demandara; e todos eles, cambiando a súa dor por ira, seguen a Bruto como a un xefe, que xa chama a derrocar a monarquía.

Sacándoo da casa de Lucrecia, levan o corpo ó foro e sublevan á xente, como adoita acontecer, debido ó asombro e indignación provocados por algo nunca visto. Un por un vanse queixando dos crimes e os abusos reais. Conmóveos, non só a tristura do pai, senón tamén o falar de Bruto, quen censura as bágoas e as queixas inútiles, e instaos ó que lles acae como homes, como romanos: tomar as armas contra os que ousan ser os seus inimigos. Os máis feros dos mozos preséntanse voluntarios coas súas armas; séguelos o resto da mocidade. De alí, logo de deixar unha garda ás portas de Colatia e dispoñer vixilancia para que ninguén anuncie á familia real o levantamento, os demais, con Bruto como xefe, marchan a Roma. Cando chegan alí, por onde pasa a multitude armada provoca pánico e balbordo; cando ven que son os notables da comunidade os que van á fronte, coidan que o que acontece non é sen motivo. Un feito tan atroz non provocara en Roma unha conmoción nos espíritos menor que en Colatia; por iso, en todas partes da cidade a xente corre cara o foro. [...]. Alí [Bruto] pronunciou un discurso en absoluto propio do espírito e carácter que amosara, simuladamente, ata aquel día: falou sobre a paixón violenta de Sexto Tarquinio, sobre a impía violación de Lucrecia e da súa miserable morte, sobre a perda da súa filla por parte de Lucrecio, para quen a causa da morte resultaba máis indigna e miserable que a morte mesma. Engadiu ademais a soberbia do propio rei e as miserias e traballos da plebe nas excavacións de foxos e cloacas; dixo que os romanos, vencedores de todos os pobos de arredor, de guerreiros se converteran en obreiros e canteiros. Lembrou a indigna morte do rei Servio Tulio e á súa filla pasando por riba do corpo do seu pai no seu impío carro⁶, e invocou ós deuses vingadores dos pais.

Logo de lembrar estas cousas e, segundo creo, outras máis atroces -a indignación que presidía aquel momento de ningún xeito facilita o relato ós historiadores-, impulsou encendidamente á multitude a privar do poder ó rei e a mandar ó exilio a Lucio Tarquinio, xunto coa súa esposa e fillos. El, pola súa banda, unha vez reunidos e armados os mozos que se alistaban espontaneamente, marchou ó campamento que estaba onda Ardea para sublevar o exército contra o rei: deixou ó mando da cidade a Lucrecio, quen xa antes fora nomeado por designación do rei prefecto da cidade⁷. [...]

60 [...] A Tarquinio pecháronlle as portas e comunicáronlle o exilio: o campamento, ledo, recibiu ó liberador da cidade, e logo os fillos do rei foron expulsados de alí. Dous deles seguiron ó seu pai, marchando exiliados a Ceres, en Etruria. Sexto Tarquinio, marchando a Gabies como se fose o seu propio reino, foi asasinado por xente que vingou antigas inimizades que el mesmo gañara coas súas matanzas e rapinas.

Lucio Tarquinio o Soberbio reinou durante 25 anos. A monarquía en Roma durara, desde a súa fundación ata a súa liberación, 244 anos. De seguido, foron elixidos dous cónsules nos comicios por centurias⁸ convocados polo prefecto da cidade, de acordo cos procedementos establecidos por Servio Tulio: Lucio Xunio Bruto e Lucio Tarquinio Colatino.

⁶ Servio Tulio foi o sexto rei de Roma, e gobernou entre o 578 e o 535 a. C. Neste último ano, unha conspiración argallada por Lucio Tarquinio (futuro rei Tarquinio o Soberbio, o da época deste relato), xenro do rei polo seu matrimonio coa filla daquel, Tulia, deu como resultado o asasinato de Servio Tulio, ó ser este arrolado por un carro nunha rúa de Roma. Livio asegura, como se ve no texto, que a propia Tulia conducía o vehículo.

⁷ Isto é, o xefe da guarnición que protexía Roma.

⁸ Como se cadra recordas do curso pasado, os comicios por centurias (*comitia centuriata*) eran unha asamblea de cidadáns (con dereito a voto) organizada a partir de cinco clases establecidas segundo os ingresos de cadaquén. Dado que esa mesma organización era a base do encadramento para o servizo militar, a esta asamblea os votantes acudían con vestimenta de soldado.